

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE FACENDA

ORDE do 25 de marzo de 2014 sobre os libros-rexistro e o deber de información dos mediadores de seguros e reaseguros privados da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei orgánica 6/1999, do 6 de abril, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia, establece que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia de desenvolvemento lexislativo e execución en materia de ordenación do crédito, banca e seguros. En aplicación da citada lei orgánica, polo Real decreto 1748/1999, do 19 de novembro, transferíronse á comunidade autónoma as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de mediadores de seguros.

No exercicio das referidas competencias publicáronse a Orde do 18 de xullo de 2000 pola que se crea o Rexistro de Corredores de Seguros, de Sociedades de Corredoría de Seguros e dos seus Altos Cargos e o Rexistro de Diplomas de Mediador de Seguros Titulado; o Decreto 118/2001, do 10 de maio, polo que se regulan as competencias da comunidade autónoma en materia de mediación en seguros privados e a Orde do 17 de xuño de 2005 sobre os libros-rexistro e o deber de información estatístico-contable dos corredores de seguros e as sociedades de corredoría de seguros. A normativa estatal na materia estaba recollida na Lei 9/1992, do 30 de abril, de mediación en seguros privados e no Real decreto 301/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan os libros-rexistro e o deber de información estatístico-contable dos corredores de seguros e as sociedades de corredoría de seguros.

A Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, derogou a anterior Lei 9/1992 e obrigou á elaboración do novo Decreto 298/2008, do 18 de decembro, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de mediación de seguros e reaseguros privados, co obxecto de recoller os cambios introducidos pola nova lei estatal, substituindo o anterior Decreto 118/2001.

Na disposición derradeira primeira do mencionado Decreto 298/2008, facúltase o conselleiro competente en materia de economía para regular a información que deban remitir á dirección xeral con competencias en materia de supervisión de seguros aos mediadores de seguros e reaseguros inscritos no Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos na Comunidade Autónoma de Ga-



licia. Con base nesas competencias, publicáronse a Orde do 10 de febreiro de 2009 sobre os libros-rexistro e o deber de información das/os mediadoras/es de seguros e reaseguros privados e a Orde do 17 de marzo de 2009 pola que se regula o rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos, derogando as ordes do 18 de xullo de 2000 e do 17 de xuño de 2005.

Con posterioridade, o Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a citada Lei 26/2006, do 17 de xullo, en materia de información estatístico-contable e do negocio, e de competencia profesional, derroga o Real decreto 301/2004, ampliando as obrigas de información e en materia contable e rexistral dos mediadores de seguros inscritos nos rexistros administrativos, tendo a consideración de lexislación básica ao abeiro do disposto na súa disposición derradeira primeira.

A publicación desta norma fixo necesaria a ampliación da información estatístico-contable a subministrar polos mediadores de seguros e reaseguros inscritos no rexistro autonómico polo que, de acordo coa habilitación de desenvolvemento establecida na disposición derradeira da Orde do 10 de febreiro de 2009, se modificaron os modelos de información contidos nos anexos desta orde a través da Resolución do 18 de abril de 2011, da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.

No tempo en que se levan aplicando as disposicións recollidas na orde e a información que se facilita a través dos modelos publicados na citada resolución, fóronse detectando unha serie de necesidades de adaptación que obrigan a modificación da Orde do 10 de febreiro de 2009.

En primeiro lugar, o desfase actual entre o prazo de remisión e o exercicio natural ao que se refire a información fai necesario anticipar a data límite de envío da documentación estatístico-contable polos mediadores de seguros inscritos no rexistro autonómico, para os efectos de obtención de datos do sector da mediación no primeiro semestre de cada ano.

Por outra parte, preténdese incorporar á orde os modelos de información que se publicaron coa Resolución do 18 de abril de 2011, engadíndolle as adaptacións que xa figuran na aplicación informática habilitada para o efecto.

Por último cómpre tamén recoller nesta nova orde as modificacións normativas que afectan a materia efectuadas principalmente pola Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable e polo citado Real decreto 764/2010, do 11 de xuño.



Por todo o anterior, de acordo coa habilitación de desenvolvemento establecida na disposición derradeira primeira do mencionado Decreto 298/2008, do 18 de decembro,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Libros-rexistro*

Os corredores de seguros e reaseguros inscritos no Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos na Comunidade Autónoma de Galicia, creado polo Decreto 298/2008, do 18 de decembro, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de mediación de seguros e reaseguros privados, deberán levar os libros-rexistro, conforme o establecido no Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados en materia de información estatístico-contable e do negocio, e de competencia profesional.

Artigo 2. *Obrigas contables e de información dos corredores de seguros e reaseguros e dos axentes e operadores de banca-seguros vinculados*

De conformidade co establecido no artigo 48 da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados e no citado Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, os corredores de seguros e reaseguros e os axentes e operadores de banca-seguros vinculados, inscritos no Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos na Comunidade Autónoma de Galicia, deberán remitir á dirección xeral con competencias en materia de supervisión de seguros a información contida nos anexos I e II desta orde.

Artigo 3. *Órgano competente*

As referencias que no Real decreto 764/2010 se fan ao Ministerio de Economía e Facenda e á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, entenderanse feitas respectivamente á consellería e ao órgano con competencias en materia de supervisión de seguros, para os mediadores de seguros e reaseguros inscritos no rexistro autonómico.

Artigo 4. *Presentación da información*

A presentación da información realizarase unicamente por medios electrónicos a través dos modelos de información accesibles desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de conformidade ao establecido nos artigos 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24.2 do Decreto 198/2010,



do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A remisión á dirección xeral con competencias en materia de supervisión de seguros da información contida nos anexos da presente orde, deberá facerse como data límite, o 30 de abril do ano seguinte ao que a información se refire. As instrucións para cubrir os diferentes modelos. Serán publicados pola citada dirección xeral a través da páxina web da conselleira competente en materia de supervisión de seguros.

Disposición transitoria

Non obstante o disposto no artigo 4, e con efectos unicamente para a información referida ao exercicio 2013, a data límite de remisión da información contida nos anexos da presente orde será o 31 de xullo de 2014.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde e, expresamente, as seguintes:

– Orde do 10 de febreiro de 2009, sobre os libros-rexistro e o deber de información das/os mediadoras/es de seguros e reaseguros privados na Comunidade Autónoma de Galicia.

– Resolución do 18 de abril de 2011, da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, pola que se aproban os modelos de información das/os mediadores de seguros e reaseguros privados da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento da orde*

Facúltase o titular do órgano con competencias en materia de supervisión de seguros para adoptar todos os actos e medidas que sexan necesarios para o desenvolvemento e execución da presente orde e, en particular, para realizar as modificacións que procedan nos modelos que compoñen a documentación anual que figuran nos anexos desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2014

Elena Muñoz Fonteriz
Conselleira de Facenda



ANEXO I**Documentación estatístico-contable anual dos
corredores de seguros e reaseguros****Modelos que compoñen a documentación estatístico-contable anual**

Modelo 0/PF: Declaración do corredor de seguros e reaseguros, persoa física.

Modelo 0/PX: Declaración do representante legal do corredor de seguros e reaseguros, persoa xurídica.

Modelo 1: Estrutura da organización.

Modelo 2.1: Carteira de seguros intermediada. Distribución.

Modelo 2.2: Carteira de reaseguros intermediada. Distribución.

Modelo 3: Carteira de seguros/reaseguros intermediada. Distribución en ramos de non vida.

Modelo 4: Carteira de seguros/reaseguros intermediada. Distribución en ramos de vida.

Modelo 5.1: Datos contables do corredor de seguros e reaseguros, persoa física.

Modelo 5.2: Datos contables do corredor de seguros e reaseguros, persoa xurídica: conta de perdas e ganancias.

Modelo 5.3: Datos contables do corredor de seguros e reaseguros, persoa xurídica: balance.

ANEXO II**Documentación estatístico-contable anual dos axentes de seguros
vinculados e dos operadores de banca-seguros vinculados****Modelos que compoñen a documentación estatístico-contable anual**

Modelo 0/AF: Declaración do axente de seguros vinculado, persoa física.

Modelo 0/AX: Declaración do representante legal do axente de seguros vinculado, persoa xurídica.

Modelo 0/OBS: Declaración do representante legal do operador de banca-seguros vinculado.

Modelo 1/AV: Estrutura da organización.

Modelo 1/OBS: Estrutura da organización: operador de banca-seguros vinculado.

Modelo 2/AV: Carteira de seguros intermediada. Distribución.

Modelo 3/AV: Carteira de seguros intermediada. Distribución en ramos de non vida.

Modelo 4/AV: Carteira de seguros intermediada. Distribución en ramos de vida.

Modelo 5/AV: Datos contables.



MODELO 0/PF
EXERCICIO

DECLARACIÓN DO CORREDOR DE SEGUROS E REASEGUROS, PERSOA FÍSICA

NOME:		
CLAVE DE INSCRICIÓN:	NIF:	
ENDEREZO DA ACTIVIDADE:		
POBOACIÓN:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
TELÉFONO:	MÓBIL:	FAX:
CORREO ELECTRÓNICO:	DOMINIO INTERNET:	
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:		
POBOACIÓN:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:

DECLARO: que os datos que figuran nos presentes modelos de información son certos e recollen fielmente a situación da miña actividade de corredor de seguros/reaseguros.

1. Que de conformidade co artigo 27.1, letra e) da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, a esta data teño subscrito e ao día de pagamento un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía financeira, coas seguintes características:

* Entidade:
* Número de póliza:
* Garantía:euros por sinistro
.....euros para todos os sinistros correspondentes a un determinado ano
* Data de efecto do de de, ata o de de

E remito copia dos xustificantes do pagamento da póliza ou xustificante da súa vixencia durante o pasado ano.

Seguen vixentes estes datos no exercicio actual? SI NON

2. Que de conformidade co artigo 27.1, letra f) da Lei 26/2006: (*márquese o que proceda*)

Teño acreditada a capacidade financeira mediante a contratación dun aval coas seguintes características:

* Entidade:
* Importe:euros
* Número de xustificante do seu depósito na Caixa Xeral de Depósitos:

Seguen vixentes estes datos no exercicio actual? SI NON

A esta data teño subscrito e ao día de pagamento un seguro de caución, coas seguintes características:

* Entidade:
* Importe:euros
* Número de póliza:

E remito copia dos xustificantes do pagamento da póliza ou xustificante da súa vixencia durante o pasado ano.

Seguen vixentes estes datos no exercicio actual? SI NON

3. Que de conformidade co previsto nos artigos 44 e 45 da Lei 26/2006:

Conto cun departamento ou servizo de atención ao cliente:

Nome do titular.....NIF.....

Seguen vixentes estes datos no exercicio actual? SI NON



Teño encomendada a atención e resolución de determinados tipos de queixas e reclamacións a un defensor do cliente.

Nome do defensor do cliente.....NIF.....

¿Seguen vixentes estes datos no exercicio actual? SI NON

> Número de reclamacións presentadas no exercicio:

Número de reclamacións resoltas: Estimadas Desestimadas Outras

4. Que para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 27.1, letras e) e f) da Lei 26/2006 para conservar a inscrición no rexistro administrativo, remito a seguinte documentación relativa ao ano en curso:

Copia dos xustificantes do pagamento da póliza do seguro de responsabilidade civil profesional ou xustificante da súa vixencia do ano en curso.

Copia dos xustificantes do pagamento da póliza do seguro de caución ou xustificante da súa vixencia do ano en curso.

Información relativa á subscrición dunha nova póliza do seguro de responsabilidade civil profesional ou á modificación do contido da que tiña contratada.

Información relativa á subscrición dunha nova póliza de seguro de caución ou á modificación do contido da que tiña contratada.

Información relativa á contratación dun novo aval ou á modificación do que tiña contratado.

Información relativa á modificación do capital social, réxime de administración ou órgano de dirección responsable da mediación así como na dirección técnica da sociedade.

Información relativa á designación dun novo titular do departamento ou servizo de atención ao cliente e/ou defensor do cliente.

5. Para os efectos de resolver calquera incidencia relacionada coa información contida nesta declaración autorizo como interlocutor coa Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro a:

* Nome e apelidos:

* Teléfono de contacto:

* Correo electrónico:

6. Por último, remito información aclaratoria dos datos contidos nos seguintes modelos:

Modelo DEC:

Por todo o anterior, formulo a presente declaración

En, de..... de

Asdo.:

Páxina 2-Modelo 0/PF



MODELO 0/PX
EXERCICIO

DECLARACIÓN DO REPRESENTANTE LEGAL DO CORREDOR DE SEGUROS E REASEGUROS,
PERSONA XURÍDICA

DENOMINACIÓN SOCIAL:		
CLAVE DE INSCRICIÓN:	NIF:	
DOMICILIO SOCIAL:		
POBOACIÓN:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
DOMICILIO DA ACTIVIDADE:		
POBOACIÓN:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
TELÉFONO:	MÓBIL:	FAX:
CORREO ELECTRÓNICO:	DOMINIO DA INTERNET:	
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:		
POBOACIÓN:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:

GRUPO DE ENTIDADES

- Pertence a corredoría de seguros/reaseguros a un grupo de entidades? SI NON

Só cubrir en caso de responder SI:

Grupo que exerce o control sobre a corredoría de seguros/ reaseguros.....
Domicilio do grupo que exerce o control:.....
Poboación:.....Provincia:.....Código postal:.....País:.....

- D/D^a....., actuando en representación desta sociedade, en calidade de

DECLARO: que os datos que figuran nos presentes modelos de información son certos e recollen fielmente a situación da sociedade de corredoría de seguros/reaseguros á que represento.

1. Que o capital social é de€ dividido en accións/participacións de€, subscritas polos seguintes socios:

Nome e apelidos/denominación	NIF/NIE	% Participación	Data de adquisición

2. Que as persoas que exercen como administradores da sociedade son:

Nome e apelidos/denominación	NIF/NIE	Cargo	Data de nomeamento

3. Que as persoas que integran o órgano de dirección así como a dirección técnica da sociedade son:

Nome e apelidos	NIF/NIE	Cargo	Data de nomeamento

Seguen vixentes estes datos no exercicio actual? SI NON

Páxina 1-Modelo 0/PX



4. Que de conformidade co artigo 27.1, letra e) da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, a esta data a entidade ten subscriba e ao día de pagamento un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía financeira, coas seguintes características:

* Entidade:
* Número de póliza:
* Garantía:euros por sinistro
.....euros para todos os sinistros correspondentes a un determinado ano
* Data de efecto do de de, ata o de de

E remito copia dos xustificantes do pagamento da póliza ou xustificante da súa vixencia durante o pasado ano.

Seguen vixentes estes datos no exercicio actual? SI NON

5. Que de conformidade co artigo 27.1, letra f) da Lei 26/2006: (*márquese o que proceda*).

- A entidade que represento ten acreditada a capacidade financeira mediante a contratación dun aval coas seguintes características:

* Entidade
* Importe:euros
* Número de xustificante do seu depósito na Caixa Xeral de Depósitos:

Seguen vixentes estes datos no exercicio actual? SI NON

- Nesta data a entidade que represento ten subscrito e ao día de pagamento un seguro de caución, coas seguintes características:

* Entidade
* Importe:euros
* Número de póliza:

E remito copia dos xustificantes do pagamento da póliza ou xustificante da súa vixencia durante o pasado ano.

Seguen vixentes estes datos no exercicio actual? SI NON

6. Que de conformidade co previsto nos artigos 44 e 45 da Lei 26/2006:

- A entidade conta cun departamento ou servizo de atención ao cliente:

Nome do titular.....NIF.....

Seguen vixentes estes datos no exercicio actual? SI NON

- A entidade ten encomendada a atención e resolución de determinados tipos de queixas e reclamacións a un defensor do cliente.

Nome do defensor do cliente.....NIF.....

Seguen vixentes estes datos no exercicio actual? SI NON

- > Número de reclamacións presentadas no exercicio:

Número de reclamacións resoltas: Estimadas Desestimadas Outras



7. Que para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 27.1, letras e) e f) da Lei 26/2006 para conservar a inscrición no rexistro administrativo, remito a seguinte documentación relativa ao ano en curso:

- Copia dos xustificantes do pagamento da póliza do seguro de responsabilidade civil profesional ou xustificante da súa vixencia do ano en curso.
- Copia dos xustificantes do pagamento da póliza do seguro de caución ou xustificante da súa vixencia do ano en curso.
- Información relativa á subscrición dunha nova póliza do seguro de responsabilidade civil profesional ou á modificación do contido da que tiña contratada.
- Información relativa á subscrición dunha nova póliza de seguro de caución ou á modificación do contido da que tiña contratada.
- Información relativa á contratación dun novo aval ou á modificación do que tiña contratado.
- Información relativa á modificación do capital social, réxime de administración ou órgano de dirección responsable da mediación así como na dirección técnica da sociedade.
- Información relativa á designación dun novo titular do departamento ou servizo de atención ao cliente e/ou defensor do cliente.

8. Para os efectos de resolver calquera incidencia relacionada coa información contida nesta declaración autorizo como interlocutor coa Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro a:

* Nome e apelidos:

* Teléfono de contacto:

* Correo electrónico:

9. Por último, remito información aclaratoria dos datos contidos nos seguintes modelos:

Modelo DEC:

Por todo o anterior, formulo a presente declaración

En, de de

Asdo.:

O REPRESENTANTE LEGAL

Páxina 3-Modelo 0/PX



MODELO 1
EXERCICIO.....

NOME/DENOMINACIÓN:	CLAVE INSCRICIÓN:
--------------------	-------------------

ESTRUTURA DA ORGANIZACIÓN

MEDIOS PERSOAIS	Órgano de dirección	Empregados	Auxiliares non asesores	Auxiliares asesores	Outro persoal	TOTAL
Afectos á actividade de mediación						
NON afectos á actividade de mediación						

MEDIOS PERSOAIS E FORMACIÓN

MEDIOS PERSOAIS AFECTOS Á ACTIVIDADE DE MEDIACIÓN	Formación previa				TOTAL
	Grupo A	Grupo B	Grupo C	Outros	
Órgano de dirección					
Empregados que participan directamente na mediación					
Empregados que non participan directamente na mediación					
Auxiliares non asesores					
Auxiliares asesores					
Outro persoal					
TOTAL					

FORMACIÓN CONTINUA

Persoal	Nº	Nivel				Horas	Medios	
		1	2	3	4		Propios	Alleos
Órgano de dirección								
Empregados que participan directamente na mediación								
Empregados que non participan directamente na mediación								
Auxiliares non asesores								
Auxiliares asesores								
Outro persoal								
TOTAL						TOTAL		



ENDEREZO DA SEDE PRINCIPAL E SUCURSAIS

Oficinas	Enderezo	Localidade	Provincia
Domicilio social			
Oficina principal			
Sucursal 1			
Sucursal 2			
Sucursal 3			

OUTROS DATOS DA SEDE PRINCIPAL E SUCURSAIS

Oficinas	Réxime	Empregados		Primas devindicadas intermediadas (€)
		Que participan directamente na mediación	Que non participan directamente na mediación	
Domicilio social				
Oficina principal				
Sucursal 1				
Sucursal 2				
Sucursal 3				
TOTAL				



MODELO 3
EXERCICIO.....

NOME/DENOMINACIÓN:	CLAVE INSCRICIÓN:
--------------------	-------------------

CARTEIRA DE SEGUROS/REASEGUROS INTERMEDIADA

DISTRIBUCIÓN EN RAMOS DE NON VIDA

RAMOS NON VIDA	VOLUME TOTAL DE NEGOCIO				NOVA PRODUCCIÓN			
	Primas devindicadas intermediadas	% Primas	Comisións devindicadas	Honorarios profesionais	Primas devindicadas intermediadas	% Primas	Comisións devindicadas	Honorarios profesionais
Accidentes								
Enfermidade								
Asistencia sanitaria								
Dependencia								
Autos								
Transportes								
Incendios e elementos naturais								
Outros danos aos bens	Seguros agrarios combinados							
	Roubo ou outros							
	Avaria de maquinaria							
R.C. en xeral	Riscos nucleares							
	Outros riscos							
Crédito								
Caución								
Perdas diversas								
Defensa xurídica								
Asistencia								
Decesos								
Multirisco fogar								
Multirisco comunidades								
Multirisco comercios								
Multirisco industriais								
Outros multiriscos								
TOTAL NON VIDA								

Modelo 3

CVE-DOG: nwhstqr6-rf8-ic70-1ow3-cwifflkvqxr8



MODELO 4
EXERCICIO.....

NOME/DENOMINACIÓN: CLAVE INSCRICIÓN:

CARTEIRA DE SEGUROS/REASEGUROS INTERMEDIADA

DISTRIBUCIÓN EN RAMOS DE VIDA

	VOLUME TOTAL DE NEGOCIO			
	Primas devindicadas intermediadas (€)	% Primas	Comisións devindicadas (€)	Honorarios profesionais (€)
INDIVIDUAL				
COLECTIVO				
TOTAL				

	NOVA PRODUCCIÓN			
	Primas devindicadas intermediadas (€)	% Primas	Comisións devindicadas (€)	Honorarios profesionais (€)
INDIVIDUAL				
COLECTIVO				
TOTAL				

Modelo 4

CVE-DOG: nwhstqr6-rf8-ic70-1ow3-cwifflkvqxr8



MODELO 5.1
EXERCICIO.....

NOME/DENOMINACIÓN:	CLAVE INSCRIPCIÓN:
--------------------	--------------------

DATOS CONTABLES DO CORREDOR DE SEGUROS E REASEGUROS, PERSOA FÍSICA

INVESTIMENTO/VALOR ENGADIDO

CONCEPTOS	€
Valor engadido ao custo dos factores	
Investimento bruto en bens materiais	

INGRESOS E GASTOS DO EXERCICIO 20....

	€
Importe neto da cifra de negocios.	
a) Afecto á actividade de mediación	
a.1) Comisiões percibidas	
a.2) Honorarios profesionais	
b) Resto de actividades	
+ Outros ingresos de explotación	
a) Afecto á actividade de mediación	
b) Resto de actividades	
- Gastos de persoal	
a) Afectos á actividade de mediación	
b) Resto de actividades	
- Outros gastos de explotación	
a) Afectos á actividade de mediación	
b) Resto de actividades	
+ Ingresos financeiros	
a) Afectos á actividade de mediación	
b) Resto de actividades	
- Gastos financeiros	
a) Afectos á actividade de mediación	
b) Resto de actividades	
RESULTADO DA(S) ACTIVIDADE(S)	

Modelo 5.1



MODELO 5.2
EXERCICIO.....

NOME/DENOMINACIÓN:	CLAVE INSCRICIÓN:
--------------------	-------------------

DATOS CONTABLES DO CORREDOR DE SEGUROS E REASEGUROS, PERSOA XURÍDICA: CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

INVESTIMENTO/VALOR ENGADIDO

CONCEPTOS	€
Valor engadido ao custo dos factores	
Investimento bruto en bens materiais	

CONTA DE PERDAS E GANANCIAS ABREVIADA DO EXERCICIO 20....

	Haber (Debe) €
1. Importe neto da cifra de negocios	
1.a) Afecto á actividade de mediación	
1.a.1) Comisións percibidas	
1.a.2) Honorarios profesionais	
1.b) Resto de actividades	
2. Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación	
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo	
4. Aprovisionamentos	
5. Outros ingresos de explotación	
5.a) Afectos á actividade de mediación	
5.b) Resto de actividades	
6. Gastos de persoal	
6.a) Afectos á actividade de mediación	
6.b) Resto de actividades	
7. Outros gastos de explotación	
7.a) Afectos á actividade de mediación	
7.b) Resto de actividades	
8. Amortización do inmovilizado	
9. Imputación de subvencións do inmovilizado non financeiro e outras	
10. Excesos de provisións	
11. Deterioración e resultado por alleamento do inmovilizado	
A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11)	
12. Ingresos financeiros.	
13. Gastos financeiros.	
14. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros	
15. Diferenzas de cambio	
16. Deterioración e resultado por alleamento de instrumentos financeiros	
B) RESULTADO FINANCEIRO (12+13+14+15+16)	
C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A+B)	
17. Impostos sobre beneficios.	
D) RESULTADO DO EXERCICIO (C+17)	

Modelo 5.2

CVE-DOG: nwhstqr6-rf8-ic70-1ow3-cwifflkvqxr8



MODELO 5.3
 EJERCICIO.....

NOME/DENOMINACIÓN:	CLAVE INSCRIPCIÓN:
--------------------	--------------------

DATOS CONTABLES DO CORREDOR DE SEGUROS E REASEGUROS, PERSOA XURÍDICA: BALANCE

ACTIVO	
A) ACTIVO NON CORRENTE	
I. Inmobiliado intanxible.	
II. Inmobiliado material	
III. Investimentos inmobiliarios	
IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a longo prazo	
V. Investimentos financeiros a longo prazo	
VI. Activos por imposto diferido	
B) ACTIVO CORRENTE	
I. Activos non correntes mantidos para a venda	
II. Existencias	
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos	
2. Accionistas (socios) por desembolsos exixidos	
3. Outros debedores.	
IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo	
V. Investimentos financeiros a curto prazo	
VI. Periodificacións a curto prazo	
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	
TOTAL ACTIVO (A+B)	

PASIVO	
A) PATRIMONIO NETO	
A-1) Fondos Propios	
I. Capital	
1. Capital escriturado	
2. (Capital non exixido)	
II. Prima de emisión	
III. Reservas	
IV. (Accións e participacións en patrimonio propias)	
V. Resultados de exercicios anteriores	
VI. Outras achegas de socios	
VII. Resultado do exercicio	
VIII. (Dividendo a conta)	
IX. Outros instrumentos de patrimonio neto	
A-2) Axustes por cambios de valor	
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos	
B) PASIVO NON CORRENTE	
I. Provisións a longo prazo	
II. Débedas a longo prazo	
1. Débedas con entidades de crédito	
2. Acredores por arrendamento financeiro	
3. Outras débedas a longo prazo	
III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo	
IV. Pasivos por imposto diferido	
V. Periodificacións a longo prazo	
C) PASIVO CORRENTE	
I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda	
II. Provisións a curto prazo	
III. Débedas a curto prazo	
1. Débedas con entidades de crédito	
2. Acredores por arrendamento financeiro	
3. Outras débedas a curto prazo	
IV. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo	
V. Acredores comerciais e outras contas a pagar	
1. Proveedores	
2. Outros acredores	
VI. Periodificacións a curto prazo	
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	

Modelo 5.3



MODELO 0/AF
EXERCICIO

DECLARACIÓN DO AXENTE DE SEGUROS VINCULADO, PERSOA FÍSICA

NOME:		
CLAVE DE INSCRICIÓN:	NIF:	
ENDEREZO DA ACTIVIDADE:		
POBOACIÓN:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
TELÉFONO:	MOBIL:	FAX:
CORREO ELECTRÓNICO:	DOMINIO DE INTERNET:	
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:		
POBOACIÓN:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:

DECLARO: que os datos que figuran nos presentes modelos de información son certos e recollen fielmente a situación da miña actividade de axente de seguros vinculado:

1. Que de conformidade co artigo 21.3 letra h) da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados: *(márquese o que proceda)*.

Teño acreditado que todas e cada unha das entidades aseguradoras coas que teño subscrito contrato de axente de seguros asumen a responsabilidade civil profesional derivada da miña actuación como axente de seguros vinculado.

A esta data teño subscrito e ao día de pagamento un seguro de responsabilidade civil profesional, ou outra garantía financeira, coas seguintes características:

* Entidade:

* Número de póliza:

* Garantía:euros por sinistro
.....euros para todos os sinistros correspondentes a un determinado ano

* Data de efecto do de de, ata o de de

E remito copia dos xustificantes do pagamento da póliza ou xustificante da súa vixencia durante o pasado ano.

Seguen vixentes estes datos no exercicio actual? SI NON

2. Que de conformidade co artigo 21.3 letra g) da Lei 26/2006: *(márquese o que proceda)*.

Teño acreditada a capacidade financeira mediante a contratación dun aval coas seguintes características:

* Entidade:

* Importe:euros

* Número de xustificante do seu depósito na Caixa Xeral de Depósitos:

Seguen vixentes estes datos no exercicio actual? SI NON

A esta data teño subscrito e ao día de pagamento un seguro de caución, coas seguintes características:

* Entidade:

* Importe:euros

* Número de póliza:

E remito copia dos xustificantes do pagamento da póliza ou xustificante da súa vixencia durante o pasado ano.

Seguen vixentes estes datos no exercicio actual? SI NON

Páxina 1-Modelo 0/AF



3. Que manteño subscrito contrato de axente de seguros vinculado coas seguintes entidades:

Código entidade	Entidade aseguradora	Data de sinatura do contrato

4. Que para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 21.3, letras g) e h) da Lei 26/2006 para conservar a inscrición no rexistro administrativo, remito a seguinte documentación relativa ao ano en curso:

- Copia dos xustificantes de pagamento da póliza do seguro de responsabilidade civil profesional ou xustificante da súa vixencia do ano en curso.
- Copia dos xustificantes de pagamento da póliza do seguro de caución ou xustificante da súa vixencia do ano en curso.
- Información relativa á subscrición dunha nova póliza do seguro de responsabilidade civil profesional ou á modificación do contido da que tiña contratada.
- Información relativa á subscrición dunha nova póliza de seguro de caución ou á modificación do contido da que tiña contratada.
- Información relativa á contratación dun novo aval ou á modificación do que tiña contratado.
- Información relativa á modificación do capital social, réxime de administración ou órgano de dirección responsable da mediación así como na dirección técnica da sociedade.

5. Para os efectos de resolver calquera incidencia relacionada coa información contida nesta declaración autorizo como interlocutor coa Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro a:

- * Nome e apelidos:
- * Teléfono de contacto:
- * Correo electrónico:

6. Por último, remito información aclaratoria dos datos contidos nos seguintes modelos:

Modelo DEC:

Por todo o anterior, formulo a presente declaración

En, de de

Asdo.:

Páxina 2-Modelo 0/AF



MODELO 0/AX
EXERCICIO.....

DECLARACIÓN DO REPRESENTANTE LEGAL DO AXENTE DE SEGUROS VINCULADO, PERSOA XURÍDICA

DENOMINACIÓN SOCIAL:		
CLAVE DE INSCRIPCIÓN:	NIF:	
DOMICILIO SOCIAL:		
POBOACIÓN:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
DOMICILIO DA ACTIVIDADE:		
POBOACIÓN:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
TELÉFONO:	MÓBIL:	FAX:
CORREO ELECTRÓNICO:	DOMINIO DA INTERNET:	
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:		
POBOACIÓN:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:

GRUPO DE ENTIDADES

- Pertence a axencia de seguros vinculada a un grupo de entidades? SI NON

Só encher en caso de responder SI:

Grupo que exerce o control sobre a axencia de seguros vinculada.....

Domicilio do grupo que exerce o control:.....

Poboación.....Provincia.....Código postal..... País.....

- D/Dª....., actuando en representación desta entidade, en calidade de

DECLARO: que os datos que figuran nos presentes modelos de información dos axentes de seguros vinculados, persoas xurídicas, son certos e recollen fielmente a situación da entidade á que represento.

1. Que o capital social é de € dividido en accións/participacións de€, subscritas polos seguintes socios:

Nome e apelidos/denominación	NIF/NIE	% Participación	Data de adquisición

2. Que as persoas que exercen como administradores da sociedade son:

Nome e apelidos/denominación	NIF/NIE	Cargo	Data de nomeamento

3. Que as persoas que integran o órgano de dirección responsable da mediación así como a dirección técnica da sociedade son:

Nome e apelidos	NIF/NIE	Cargo	Data de nomeamento

Seguen vixentes estes datos no exercicio actual? SI NON



4. Que de conformidade co artigo 21.3 letra h) da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados: *(márquese o que proceda)*.

- A entidade ten acreditado que todas e cada unha das entidades aseguradoras, coas que ten subscrito contrato de axencia de seguros, asumen a responsabilidade civil profesional derivada da actuación como axente de seguros vinculado, persoa xurídica.
- A esta data a entidade ten subscrita e ao día de pagamento o seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía financeira, coas seguintes características:

* Entidade:

* Número de póliza:

* Garantía:euros por sinistro
.....euros para todos os sinistros correspondentes a un determinado ano

* Data de efecto do de de, ata o de de

E remito copia dos xustificantes de pagamento da póliza ou xustificante da súa vixencia durante o pasado ano.

Seguen vixentes estes datos no exercicio actual? SI NON

5. Que de conformidade co artigo 21.3 letra g) da Lei 26/2006: *(márquese o que proceda)*.

- A entidade á que represento ten acreditada a capacidade financeira mediante a contratación dun aval coas seguintes características:

* Entidade

* Importe:euros

* Número de xustificante do seu depósito na Caixa Xeral de Depósitos:

Seguen vixentes estes datos no exercicio actual? SI NON

- A esta data a entidade á que represento ten subscrito e ao día de pagamento un seguro de caución, coas seguintes características:

* Entidade:

* Importe:euros

* Número de póliza:

E remito copia dos xustificantes do pagamento da póliza ou xustificante da súa vixencia durante o pasado ano.

Seguen vixentes estes datos no exercicio actual? SI NON

6. Que a entidade mantén subscrito contrato de axente de seguros vinculado coas seguintes compañías:

Código entidade	Entidade aseguradora	Data de sinatura do contrato

7. Que para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 21.3, letras g) e h) da Lei 26/2006, para conservar a inscrición no rexistro administrativo, remito a seguinte documentación relativa ao ano en curso:

- Copia dos xustificantes do pagamento da póliza do seguro de responsabilidade civil profesional ou xustificante da súa vixencia do ano en curso.



- Copia dos xustificantes do pagamento da póliza do seguro de caución ou xustificante da súa vixencia do ano en curso.
- Información relativa á subscrición dunha nova póliza do seguro de responsabilidade civil profesional ou á modificación do contido da que tiña contratada.
- Información relativa á subscrición dunha nova póliza de seguro de caución ou á modificación do contido da que tiña contratada.
- Información relativa á contratación dun novo aval ou á modificación do que tiña contratado.
- Información relativa á modificación do capital social, réxime de administración ou órgano de dirección responsable da mediación así como na dirección técnica da sociedade.

8. Aos efectos de resolver calquera incidencia relacionada coa información contida nesta declaración autorizo como interlocutor coa Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro a:

- * Nome e apelidos:
- * Teléfono de contacto:
- * Correo electrónico:

9. Por último, remito información aclaratoria dos datos contidos nos seguintes modelos:

Modelo DEC:

Por todo o anterior, formulo a presente declaración

En....., ..de.....de.....

Asdo.:

O REPRESENTANTE LEGAL



MODELO 0/OBS
EXERCICIO.....

DECLARACIÓN DO REPRESENTANTE LEGAL DO OPERADOR DE BANCA-SEGUROS VINCULADO

DENOMINACIÓN SOCIAL:		
CLAVE DE INSCRIPCIÓN:	NIF:	
DOMICILIO SOCIAL:		
POBOACIÓN:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
DOMICILIO DA ACTIVIDADE:		
POBOACIÓN:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
TELÉFONO:	MÓBIL:	FAX:
CORREO ELECTRÓNICO:		DOMINIO DE INTERNET:
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:		
POBOACIÓN:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:

- A actividade de mediación de seguros realízase a través dunha sociedade mercantil controlada ou participada pola entidade de crédito ou grupo de entidades de crédito? SI NON

GRUPO DE ENTIDADES

- Pertence o operador de banca-seguros a un grupo de entidades? SI NON

Só cubrir en caso de responder SI:

Grupo que exerce o control sobre o operador banca-seguros vinculado.....

Domicilio do grupo que exerce o control:.....

Poboación.....Provincia.....Código postal.....País.....

- D/Dª....., actuando en representación da entidade, en calidade de

DECLARO: que os datos que figuran nos presentes modelos de información do operador banca-seguros vinculado son certos e recollen fielmente a situación da entidade á que represento.

1. Que o capital social é de € dividido en accións/participacións de€, subscritas polos seguintes socios con participación significativa(*):

Nome e apelidos/denominación	NIF/NIE	% Participación	Data de adquisición

(*): Participación do 10% ou máis do capital social.

2. Que o órgano de administración da sociedade está formado por:

Nome e apelidos/denominación	NIF/NIE	Cargo	Data de nomeamento



3. Que as persoas que integran o órgano de dirección responsable da mediación así como a dirección técnica son:

Nome e apelidos	NIF/NIE	Cargo	Data de nomeamento

Seguen vixentes estes datos no exercicio actual? SI NON

4. Que de conformidade co artigo 21.3 letra h) da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados: (*márquese o que proceda*).

- A entidade ten acreditada que todas e cada unha das entidades aseguradoras, coas que ten suscrito contrato de axencia de seguros, asumen a responsabilidade civil profesional derivada da actuación como operador de banca-seguros vinculado.
- A esta data a entidade ten suscrito e ao día de pagamento o seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía financeira, coas seguintes características:
- * Entidade:
- * Número de póliza:
- * Garantía:euros por sinistro
.....euros para todos os sinistros correspondentes a un determinado ano
- * Data de efecto do de de, ata o de de

E remito copia dos xustificantes de pagamento da póliza ou xustificante da súa vixencia durante o pasado ano.

Seguen vixentes estes datos no exercicio actual? SI NON

5. Que de conformidade co artigo 21.3 letra g) da Lei 26/2006: (*márquese o que proceda*).

- A entidade á que represento ten acreditada a capacidade financeira mediante a contratación dun aval coas seguintes características:
- * Entidade
- * Importe:euros
- * Número de xustificante do seu depósito na Caixa Xeral de Depósitos:
- A esta data a entidade á que represento ten suscrito e ao día de pagamento un seguro de caución, coas seguintes características:
- * Entidade:
- * Importe:euros
- * Número de póliza:

E remito copia dos xustificantes de pagamento da póliza ou xustificante da súa vixencia durante o pasado ano.

Seguen vixentes estes datos no exercicio actual? SI NON



6. Que a entidade mantén subscrito contrato de axencia de seguros coas seguintes compañías:

Clave entidade	Entidade aseguradora	Data de sinatura do contrato

REDES DE DISTRIBUCIÓN: Denominación de entidades de crédito que ceden a súa rede de distribución:

Clave entidade de crédito	NIF	Entidades de crédito	Data do contrato de cesión

7. Que para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 21.3, letras g) e h) da Lei 26/2006 para conservar a inscrición no rexistro administrativo, remito a seguinte documentación relativa ao ano en curso:

- Copia dos xustificantes de pagamento da póliza do seguro de responsabilidade civil profesional ou xustificante da súa vixencia do ano en curso.
- Copia dos xustificantes de pagamento da póliza do seguro de caución ou xustificante da súa vixencia do ano en curso.
- Información relativa á subscrición dunha nova póliza do seguro de responsabilidade civil profesional ou á modificación do contido da que tiña contratada.
- Información relativa á subscrición dunha nova póliza de seguro de caución ou á modificación do contido da que tiña contratada.
- Información relativa á contratación dun novo aval ou á modificación do que tiña contratado.
- Información relativa á modificación do capital social, réxime de administración ou órgano de dirección responsable da mediación así como na dirección técnica da sociedade.

8. Para os efectos de resolver calquera incidencia relacionada coa información contida nesta declaración autorizo como interlocutor coa Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro a:

* Nome e apelidos:
* Teléfono de contacto:
* Correo electrónico:

9. Por último, remito información aclaratoria dos datos contidos nos seguintes modelos:

Modelo DEC:

Por todo o anterior, formulo a presente declaración

En.....,de.....de.....

Asdo.:

O REPRESENTANTE LEGAL

Páxina 3- Modelo 0/OBS



MODELO 1/AV
EXERCICIO.....

NOME/DENOMINACIÓN:	CLAVE INSCRICIÓN:
--------------------	-------------------

ESTRUTURA DA ORGANIZACIÓN

MEDIOS PERSOAIS	Órgano de dirección	Empregados	Auxiliares non asesores	Auxiliares asesores	Outro persoal	TOTAL
Afectos á actividade de mediación						
NON afectos á actividade de mediación						

MEDIOS PERSOAIS E FORMACIÓN

MEDIOS PERSOAIS AFECTOS Á ACTIVIDADE DE MEDIACIÓN	Formación Previa				TOTAL
	Grupo A	Grupo B	Grupo C	Outros	
Órgano de dirección					
Empregados que participan directamente na mediación					
Empregados que non participan directamente na mediación					
Auxiliares non asesores					
Auxiliares asesores					
Outro persoal					
TOTAL					

FORMACIÓN CONTINUA

Persoal	Nº	Nivel				Horas	Medios	
		1	2	3	4		Propios	Alleos
Órgano de dirección								
Empregados que participan directamente na mediación								
Empregados que non participan directamente na mediación								
Auxiliares non asesores								
Auxiliares asesores								
Outro persoal								
TOTAL								



ENDEREZO DA SEDE PRINCIPAL E SUCURSAIS

Oficinas	Enderezo	Localidade	Provincia
Domicilio social			
Oficina principal			
Sucursal 1			
Sucursal 2			
Sucursal 3			

OUTROS DATOS DA SEDE PRINCIPAL E SUCURSAIS

Oficinas	Réxime	Empregados		Primas devindicadas intermediadas (€)
		Que participan directamente na mediación	Que non participan directamente na mediación	
Domicilio social				
Oficina principal				
Sucursal 1				
Sucursal 2				
Sucursal 3				
	TOTAL			



MODELO 1/OBS
EXERCICIO.....

NOME/DENOMINACIÓN:	CLAVE INSCRICIÓN:
--------------------	-------------------

ESTRUTURA DA ORGANIZACIÓN: OPERADOR DE BANCA-SEGUROS VINCULADO

MEDIOS PERSOAIS	Órgano de dirección	Empregados	Auxiliares non asesores	Auxiliares asesores	Rede de distribución	Outro persoal	TOTAL
Afectos á actividade de mediación							
NON afectos á actividade de mediación							

MEDIOS PERSOAIS E FORMACIÓN

MEDIOS PERSOAIS AFECTOS Á ACTIVIDADE DE MEDIACIÓN	Formación previa				Total
	Grupo A	Grupo B	Grupo C	Outros	
Órgano de dirección					
Empregados que participan directamente na mediación					
Empregados que non participan directamente na mediación					
Auxiliares non asesores					
Auxiliares asesores					
Rede de distribución					
Outro persoal					
TOTAL					

FORMACIÓN CONTINUA

Persoal	Nº	Nivel				Horas	Medios	
		1	2	3	4		Propios	Alleos
Órgano de dirección								
Empregados que participan directamente na mediación								
Empregados que non participan directamente na mediación								
Auxiliares non asesores								
Auxiliares asesores								
Rede de distribución								
Outro persoal								
TOTAL					TOTAL			



ENDEREZO DA SEDE PRINCIPAL E SUCURSAIS

Oficinas	Enderezo	Localidade	Provincia
Domicilio social			
Oficina principal			
Sucursal 1			
Sucursal 2			
Sucursal 3			

OUTROS DATOS DA SEDE PRINCIPAL E SUCURSAIS

Oficinas	Réxime	Empregadas/os		Primas devindicadas intermediadas (€)
		Que participan directamente na mediación	Que non participan directamente na mediación	
Domicilio social				
Oficina principal				
Sucursal 1				
Sucursal 2				
Sucursal 3				
TOTAL				



MODELO 3/AV
EXERCICIO.....

NOME/DENOMINACIÓN:	CLAVE INSCRICIÓN:
--------------------	-------------------

CARTEIRA DE SEGUROS INTERMEDIADA

DISTRIBUCIÓN EN RAMOS DE NON VIDA

RAMOS NON VIDA	VOLUME TOTAL DE NEGOCIO			NOVA PRODUCCIÓN		
	Primas devindicadas intermediadas	% Primas	Comisións devindicadas	Primas devindicadas intermediadas	% Primas	Comisións devindicadas
Accidentes						
Enfermidade						
Asistencia sanitaria						
Dependencia						
Autos						
Transportes						
Incendios e elementos naturais						
Outros danos aos bens	Seguros agrarios combinados					
	Roubo ou outros					
	Avaría de maquinaria					
R.C. en xeral	Riscos nucleares					
	Outros riscos					
Crédito						
Caución						
Perdas diversas						
Defensa xurídica						
Asistencia						
Decesos						
Multirisco fogar						
Multirisco comunidades						
Multirisco comercios						
Multirisco industriais						
Outros multiriscos						
TOTAL NON VIDA						

Modelo 3/AV

CVE-DOG: nwhstqr6-rf8-ic70-1ow3-cwifflkvqxr8



MODELO 4/AV
EXERCICIO.....

NOME/DENOMINACIÓN: CLAVE INSCRICIÓN:

CARTEIRA DE SEGUROS INTERMEDIADA

DISTRIBUCIÓN EN RAMOS DE VIDA

	VOLUME TOTAL DE NEGOCIO		
	Primas devindicadas intermediadas (€)	% Primas	Comisións devindicadas (€)
INDIVIDUAL			
COLECTIVO			
TOTAL			

	NOVA PRODUCCIÓN		
	Primas devindicadas intermediadas (€)	% Primas	Comisións devindicadas (€)
INDIVIDUAL			
COLECTIVO			
TOTAL			

Modelo 4/AV

CVE-DOG: nwhstqr6-rf8-ic70-1ow3-cwifflkvqxr8



MODELO 5/AV
EXERCICIO.....

NOME/DENOMINACIÓN: CLAVE INSCRICIÓN:

DATOS CONTABLES

INVESTIMENTO/VALOR ENGADIDO

CONCEPTOS	€
Valor engadido ao custo dos factores	
Investimento bruto en bens materiais	

1. INGRESOS DA ACTIVIDADE DE MEDIACIÓN DE SEGUROS

CONCEPTOS	€
Comisións percibidas das entidades aseguradoras	
Ingresos financeiros	
Outros ingresos	
Total euros	

2. GASTOS DA ACTIVIDADE DE MEDIACIÓN DE SEGUROS

CONCEPTOS	€
Custos de persoal en metálico ou en especie	
Comisións aboadas a auxiliares externos/redes de distribución	
Formación continua	
Gastos financeiros	
Outros gastos	
Total euros	

INGRESOS-GASTOS (actividade de mediación de seguros) €

3. CONTA DE PERDAS E GANANCIAS: TOTAL

Total ingresos	€
Total gastos	€
INGRESOS-GASTOS (TOTAL)	€

Modelo 5/AV



I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE FACENDA

CORRECCIÓN de erros. Orde do 25 de marzo de 2014 sobre os libros-rexistro e o deber de información dos mediadores de seguros e reaseguros privados da Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertido erro na orde antes citada, na versión de galego, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 66, do 4 de abril de 2014, é necesario facer a seguinte corrección:

Na páxina 14912, no segundo parágrafo, onde di: «As instrucións para cubrir os diferentes modelos. Serán publicados pola citada dirección xeral a través da páxina web da consellería competente en materia de supervisión de seguros», debe dicir: «As instrucións para cubrir os diferentes modelos, serán publicadas pola citada dirección xeral a través da páxina web da consellería competente en materia de supervisión de seguros».

